

### 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA. ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

#### Mínimos para superar a materia

EDUCACIÓN FÍSICA 3º	
Criterios de avaliación	Mínimos de consecución
CA1.3. Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Percibir a existencia dunha diversidade de realidades corporais entre os compañeiros/as de clase e aceptar as diferentes características individuais dos mesmos/as.
CA1.4. - CA4.1. Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Amosar unha actitude favorable cara a actividade física e o esforzo, comezando a percibir e diferenciar distintas emocións que poden xurdir durante a mesma.
CA1.5. - CA4.3. Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Participar en prácticas motrices cotiás, comezando a integrar nas mesmas habilidades sociais de axuda e cooperación, empregando o diálogo na resolución de conflitos e amosando unha actitude de rexeitamento cara posibles accións contrarias á convivencia que poidan xurdir no contexto da clase.
CA2.3. - CA3.1. Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Participar en proxectos motores individuais ou grupais comezando a empregar algunhas estratexias de seguimento do traballo realizado.
CA2.4. - CA3.2. Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición e de colaboración-oposición, en contextos simulados de actuación.	Adoptar decisións en contextos de traballo motriz individual ou grupal, diferenciando entre as situacións de implican cooperación e aquelas outras de implican oposición.
CA3.3. - CA 5.1. - CA 6.3. Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Comezar a amosar un certo control e dominio corporal dos diferentes compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en diferentes situacións e contextos lúdicos.
CA3.4. - CA 4.5 – CA 5.3. Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproducir coreografías sinxelas e transmitir sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo e o movemento.
CA4.2. Respectar as normas consensuadas na clase, así	Respectar as normas de clase e participar en

como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.

xogos e actividades físicas axustándose as súas regras básicas e desfrutando das actividades realizadas con independencia do resultado finalmente acadado.

### **Criterios de cualificación para as avaliacións parciais e final. Porcentaxes e instrumentos de avaliación.**

#### **1º TRIMESTRE:**

1) Prevese impartir 4 unidades didácticas completas e 2 unidades didácticas de maneira parcial (ao tratarse de unidades que se traballan ao longo de varios trimestres). O alumno/a será avaliado e cualificado en cada unha das unidades didácticas que se implementen sobre unha puntuación total de 10 puntos.

2) As unidades impartidas no primeiro trimestre supoñen un 36% do peso da materia.

3) A cualificación final do alumno/a no 1º trimestre resultará de aplicar o seguinte baremo, segundo as unidades didácticas impartidas e a nota acadada polo mesmo/a en cada unha delas:

CUALIFICACIÓN DO 1º TRIMESTRE = (nota acadada polo alumno/a na UD1) x 0,05 + (nota acadada polo alumno/a na UD2) x 0,45 + (nota acadada polo alumno/a na UD3) x 0,17 + (nota acadada polo alumno/a na UD4) x 0,20 + (nota acadada polo alumno/a na parte da UD12 impartida) x 0,08 + (nota acadada polo alumno/a na parte da UD13 impartida) x 0,05

#### **2º TRIMESTRE:**

1) Prevese impartir 3 unidades didácticas completas e 1 unidade didáctica de maneira parcial (ao tratarse dunha unidade que se imparte ao longo de varios trimestres). O alumno/a será avaliado e cualificado en cada unha das unidades didácticas que se implementen sobre unha puntuación total de 10 puntos.

2) As unidades impartidas no segundo trimestre supoñen un 32% do peso da materia.

3) A cualificación final do alumno/a no 2º trimestre resultará de aplicar o seguinte baremo, segundo as unidades didácticas impartidas e a nota acadada polo mesmo/a en cada unha delas:

CUALIFICACIÓN DO 2º TRIMESTRE = (nota acadada polo alumno/a na UD5) x 0,18 + (nota acadada polo alumno/a na UD6) x 0,22 + (nota acadada polo alumno/a na UD7) x 0,54 + (nota acadada polo alumno/a na parte da UD13 impartida) x 0,06

#### **3º TRIMESTRE:**

1) Prevese impartir 4 unidades didácticas completas e 2 unidades didácticas de maneira parcial (ao tratarse de unidades que se traballan ao longo de varios trimestres). O alumno/a será avaliado e cualificado en cada unha das unidades didácticas que se implementen sobre unha puntuación total de 10 puntos.

2) As unidades impartidas no 3º trimestre supoñen un 32% do peso da materia.

3) A cualificación final do alumno/a no 3º trimestre resultará de aplicar o seguinte baremo, segundo as unidades didácticas impartidas e a nota acadada polo mesmo/a en cada unha delas:

CUALIFICACIÓN DO 3º TRIMESTRE = (nota acadada polo alumno/a na UD8) x 0,22 + (nota acadada polo alumno/a na UD9) x 0,25 + (nota acadada polo alumno/a na UD10) x 0,15 + (nota acadada polo alumno/a na UD11) x 0,22 + (nota acadada polo alumno/a na parte da UD12 impartida) x 0,10 + (nota acadada polo alumno/a na parte da UD13 impartida) x 0,06

**CUALIFICACIÓN CORRESPONDENTE Á AVALIACIÓN ORDINARIA:**

1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	TOTAL
36%	32%	32%	100%
As porcentaxes do peso da materia en cada trimestre equivalen a:			
3,6 puntos	3,2 puntos	3,2 puntos	10 puntos
A cualificación correspondente á avaliación ordinaria resultará de aplicar o seguinte baremo:			
CUALIFICACIÓN FINAL DO ALUMNO/A NA AVALIACIÓN ORDINARIA = (nota acadada polo alumno/a no 1º trimestre) x 0,36 + (nota acadada polo alumno/a no 2º trimestre) x 0,32 + (nota acadada polo alumno/a no 3º trimestre) x 0,32			

**PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:**

Os procedementos e instrumentos de avaliación empregados ao longo do curso serán os seguintes:

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE
1) Observación sistemática	1.1) Escalas de observación, listas de control e/ou rúbricas	30%
	1.2) Rexistro anecdótico (anecdótico)	10%
2) Análise das producións dos alumnos/as	2.1) Producións escritas, producións orais e/ou postas en común	5%
	2.2) Producións motrices	50%
3) Probas específicas	3.1) Probas de capacidade motriz	5%